



ACTA

Expediente núm.:	Órgano Colexiado:
XGL/2017/47	A Xunta de Goberno Local

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN	
Tipo Convocatoria	Ordinaria
Data	16 de outubro de 2017
Duración	Desde as 19:35 ata as 19:50 horas
Lugar	SALA DE SESIÓNS
Presidida por	XOSE MANUEL PAZOS VARELA
Secretario	BERTA ALONSO SOTO

ASISTENCIA Á SESIÓN		
DNI	Nome e Apelidos	Asiste
77010633D	ANDRES GARCIA BASTON	NON
73240505H	HÉITOR MERA HERBELLO	SÍ
76807564F	LOURDES RIAL PARDO	NON
78730184B	MARIANO ABALO COSTA	SÍ
76811297Z	MERCEDES GIRALDEZ SANTOS	SÍ
78734984G	SUSO PEREZ GALLEGO	SÍ
53113479Q	TANIA CASTRO PAREDES	SÍ
78739263M	TOMÁS HERMELO ÁLVAREZ	SÍ
76328194A	XOSE MANUEL PAZOS VARELA	SÍ
34907283E	XOÁN CHILLÓN IGLESIAS	SÍ
78736615W	ÁNXELA VIZOSO MARCOS	NON



Concello de Cangas

Unha vez verificada polo secretario a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día

A) PARTE RESOLUTIVA

Aprobación da acta da sesión anterior realizada o día 9 de outubro de 2017

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acordou aprobar o borrador da acta da sesión anterior da Xunta de Goberno Local realizada o día 9 de outubro de 2017.

Expediente 6265/2017. Informe da Policía Local s/sinalización en rúa Andalucía

Desfavorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

Visto o informe emitido en data 11.10.2017 pola Xefatura da Policía Local, no que desde o departamento de sinalización se informa en relación a un pedimento solicitado por M. C. F. D., no que se indica que non procede a sinalización de sentido único na rúa Andalucía, por tratarse dunha vía con pouco tráfico. En canto á limitación de velocidade mediante sinal vertical, indican por este departamento que xa está delimitada a 40 km/hora.

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar o informe emitido pola Policía Local, no que se refire á non realizar sinalización de sentido único na rúa Andalucía, así mesmo, polo departamento de sinalización deberase proceder á instalación de sinalización vertical para a limitación de velocidade a 30 km/hora.

Expediente 6144/2017. Licenza urbanística

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 6144/17.- A "GAS GALICIA SDG SA", con domicilio a efectos de notificacións en Travesía de Vigo, nº 204 PB, para no lugar da Avda. Pontevedra, nº 9–Cangas, autorizar a ocupación de dominio público e conceder licenza de obras para executar unha acometida de 5,00 metros, de conformidade coa documentación presentada e coas seguintes condicións:

As obras non se poderán realizar no período do verán, comprendido entre o 15 de xullo e o 15 de setembro. Non se permiten reposicións parciais. Nin durante o período das festas de nadal (21 de decembro a 7 de xaneiro) nin durante as de Semana Santa. Deberá regular o tráfico durante as obras. Non se permiten reposicións parciais.

* Debe repoñer a totalidade dos servizos e infraestruturas afectadas.

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



Concello de Cangas

* Por razóns de seguridade e na medida do posible, non se permiten canalizacións sobre a calzada, debéndose emprazar nas zonas destinadas a beirarrúas.

Debe computarse no aval global depositado o importe de trescentos euros (300,00 €) para responder das obras de reposición da vía pública. No caso de que o concello teña que facer obras no dominio público do sistema viario e resulte afectada esta obra, será por conta de Gas Galicia o traslado, adaptación, reposición ou calquera outra actuación que resulte necesaria, sen que iso supoña dereito a ningún tipo de indemnización.

Deberase axustar, así mesmo, ás seguintes condicións:

*Se o vial ten 5,00 metros ou mais de ancho, procederase por parte da empresa a reasfaltar un carril.

*Se o vial é inferior a 5,00 metros de ancho, deberá reasfaltar 1,00 metro a cada lado da zanja.

Para a conexión coas vivendas, advírteselle da obrigatoriedade imposta polo art. 43.1 da Lei 8/2012, de vivenda de Galicia, da esixencia aos propietarios, da correspondente licenza de primeira ocupación para poder contratar o servizo.

Expediente 6190/2017. Licenza de primeira ocupación

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 6190/2017 (Expte. nº 25.560).- LICENZA MUNICIPAL DE PRIMEIRA OCUPACIÓN PETICIONADA POR O. M. S. O.- A Xunta de Goberno Local tendo en conta o informe-comprobación, emitido ao respecto pola arquitecta municipal, con data 29 de setembro de 2017 e o certificado final de obra visado o 20.09.2017, acorda o seguinte:

a) outorgar LICENZA MUNICIPAL DE PRIMEIRA OCUPACIÓN, a O. M. S. O., con enderezo a efectos de notificacións en Paseo das Pontes, nº 9, escaleira 1-6ºA-A Coruña, para vivenda sita en rúa Faixa, nº 8-Cangas, construída ao abeiro da licenza municipal nº 24.676.

Expediente 5748/2017. Licenza de primeira ocupación

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 5748/2017 (Expte. nº 25.809).- LICENZA MUNICIPAL DE PRIMEIRA OCUPACION PETICIONADA POR J. M. R.- A Xunta de Goberno acorda outorgar licenza municipal de primeira ocupación a J. M. R., con enderezo a efectos de notificacións en lugar de Xistro, nº 30, para vivenda unifamiliar aislada sita no referido lugar, construída ao abeiro da licenza municipal nº 24.658, tendo en conta o informe-comprobación emitido ao respecto polo arquitecto municipal, con data 27 de setembro de 2017.

Expediente 6088/2017. Comunicación previa en materia urbanística

Concello de Cangas



Concello de Cangas

Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento
EXPEDIENTE Nº 6088/2017.- Dase conta da comunicación previa presentada por J. D. G., con enderezo a efectos de notificacións en rúa O Tobal, nº 10-Darbo, para obras de conservación e mantemento de columna de portal da vivenda sita en rúa O Tobal, nº 10-Darbo, de conformidade coa documentación incorporada ao expediente. O presuposto de execución das obras ascende a trescentos euros (300,00 €).	

Expediente 6037/2017. Comunicación previa en materia urbanística	
Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento
EXPEDIENTE Nº 6037/2017.- Dase conta da comunicación previa presentada por M. P. P., con enderezo a efectos de notificacións en rúa Lirio, nº 4-Cangas, para colocación de fiestra e revestimento de fachada na planta baixa en vivenda existente sita en rúa Lirio, nº 4-Cangas, de conformidade coa documentación incorporada ao expediente e a documentación complementaria asinada polo arquitecto Fernando Baliño Pizcueta de data 5 de outubro 2017. O presuposto de execución das obras ascende a mil trescentos dez euros (1.310,00 €).	

Expediente 5982/2017. Comunicación previa en materia urbanística	
Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento
EXPEDIENTE Nº 5982/2017.- Dase conta da comunicación previa presentada por M. C. M. C., con enderezo a efectos de notificacións na Avda. Alcalde Portanet, nº 26-8ºB-Vigo, para obras consistentes en cambio de dúas columnas de cerramento existente sito no lugar de Romarigo, de conformidade coa documentación incorporada ao expediente. O presuposto de execución das obras ascende a cincocentos euros (500,00 €).	

Expediente 5966/2017. Comunicación previa en materia urbanística	
Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento
EXPEDIENTE Nº 5966/2017.- Dase conta da comunicación previa presentada por M. D. C. B. e outros, con enderezo a efectos de notificacións en rúa As Pontes, nº 27-Darbo, Cangas, para pintado de fachadas dianteiras e traseiras das vivendas sitas no referido lugar con nº 13, 25, 27, 29, 37 e 39, de conformidade coa documentación incorporada ao expediente e segundo o estudo básico de seguridade e saúde redactado polo estudo de arquitectura "Domínguez y Asociados Arquitectura SLPU". O presuposto de execución das obras ascende a dez mil trescentos cincuenta euros (10.350,00 €).	

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



Expediente 6181/2017. Comunicación previa en materia urbanística	
Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento
EXPEDIENTE Nº 6181/2017.- Dase conta da comunicación previa presentada por M. L. J., con enderezo a efectos de notificacións en rúa Lirio, nº 11-Cangas, para reparación de fachada (impermeabilización de xuntas) de edificación sita na rúa Lirio, nº 11-Cangas, segundo o estudo básico de seguridade e saúde redactado polo arquitecto Rafael Oliveira Souto e de conformidade coa documentación incorporada ao expediente. O presuposto de execución das obras ascende a setecentos oito euros (708,00 €).	

Expediente 1147/2017. Infracción urbanística nº 16/2016 (Mª PILAR SÁNCHEZ IGLESIAS)	
Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento
Expediente nº: 16/2016-1147/2017	
A Xunta de Goberno Local acorda aprobar integramente a seguinte:	
"PROPOSTA DE RESOLUCIÓN	
M. R. G., instrutora designada polo alcalde do Concello mediante proposta de Alcaldía de data 16 de xuño de 2017, en relación co expediente sancionador que se está a tramitar neste Concello, nº 16/2016-1147/2017, emite a seguinte proposta de resolución vistos os seguintes:	
ANTECEDENTES	
PRIMEIRO.- Por parte de M.P. S.I. e segundo consta no expediente anterior de restauración da legalidade urbanística tramitado, se efectuaron no lugar de Menguíña-Aldán, obras sen licenza consistentes en realizar a reconstrución e ampliación, a menos de 3,00 metros do lindeiro, dunha edificación existente, sendo a construción de carácter ilegalizable segundo o informe do arquitecto municipal de data 14 de agosto de 2017.	
SEGUNDO.- Iniciado expediente sancionador por acordo da Xunta de Goberno Local en data 26 de xuño de 2017, dentro do prazo outorgado neste expediente sancionador para formular alegación ou para aportar documentos e informacións, a interesada non presenta escrito de alegacións.	
TERCEIRO.- Con data 1 de setembro do 2017, foi notificada a proposta de sanción á interesada co fin de que formulara alegacións e presentara os documentos e informacións que estimara convenientes.	
Con data 21 de setembro do 2017 nº rexistro 11243, M. P. S.I., presenta escrito de alegacións manifestando que as obras son anteriores ao ano 2003 polo que se atopan prescritas, polo que solicita que se dea por finalizado o expediente de infracción urbanística.	
Con data 27 de setembro do 2017 o técnico municipal informa desfavorablemente as	



alegacións en cuestión por tratarse de obras de conservación e mantemento da edificación con expediente de reposición de la legalidade urbanística aberto por ampliación de vivienda existente non legalizable.

'...Tal e como se presenta nos informes de inspección achegados ao expediente queda manifestamente patente que se produciu unha ampliación da edificación preexistente sen licenza para iso e que dita ampliación é ilegalizable por terse executado a menos de tres metros do lindero. Infórmase, en consecuencia, desfavorablemente o recurso de reposición presentado, entendendo que o informe anexo asinado polo arquitecto José Manuel Resille Chapela non se axusta á realidade dos feitos.

Se presenta novo escrito con data 21.09.2017 onde se di que as obras son anteriores ao 2003 e que está caducada a infracción, non aportando xustificación nin proba diso, polo que se debe desestimar a alegación presentada.'

As alegacións formuladas deben ser desestimadas toda vez que o expediente en tramitación trata de sancionar ás persoas responsables da realización de obras sen axustarse á licenza outorgada como propietaria dos terreos, feito probado no expediente de restauración da legalidade urbanística tramitado, de conformidade co establecido no artigo 160 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia. Así mesmo non resulta probada a prescrición das obras visto o informe do técnico municipal emitido ao respecto.

Visto canto antecede e de conformidade cos artigos 89 e 90 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, emito a seguinte:

PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

PRIMEIRO.- Desestimar as alegacións presentadas por M. P. S. I. en data 21 de setembro de 2017 polos razoamentos expostos no corpo desta proposta e o informe emitido ao respecto polo arquitecto municipal en data 27 de setembro de 2017 e declarar probado, sen necesidade de práctica de proba a existencia de obras realizadas sen licenza no lugar de Menguña-Aldán, o que constitúe unha infracción urbanística tipificada no artigo 157 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, podendo clasificarse como grave, segundo o determina o artigo 158.3.4 da mesma norma citada, visto o informe do arquitecto municipal de data 27 de setembro do 2017.

SEGUNDO.- Impoñer a M.P. S. I., na súa calidade de promotora da infracción unha sanción de seis mil un euros (6001,00) por ter cometido obras no lugar de Menguña-Aldán, consistentes en realizar a reconstrución e ampliación a menos de 3,00 metros do lindeiro dunha edificación existente, sendo a construción de carácter ilegalizable, segundo o informe do arquitecto municipal de data 14 de agosto do 2017.

TERCEIRO.- Advertir á interesada que, en caso de pagar voluntariamente a sanción imposta antes da resolución do presente procedemento sancionador, aplicárase dunha redución desta do 50%. Non entanto, a súa efectividade estará condicionada ao desistimiento ou renuncia de calquera acción ou recurso en vía administrativa contra a sanción.

Contra a presente resolución que pón fin á vía administrativa, pode interpor alternativamente recurso de reposición potestativo perante este órgano, no prazo de un mes, a contar desde o día seguinte ao da recepción da presente notificación, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas; ou ben interpor directamente recurso contencioso-administrativo, perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo desta provincia, no prazo de dous meses, a



Concello de Cangas

contar desde o día seguinte ao da recepción da presente notificación, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa. Se se optase por interpor o recurso de reposición potestativo non poderá interpor recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio. Todo iso sen prexuízo de que poida interpor Vde. calquera outro recurso que puidese estimar mais conveniente ao seu dereito.

Expediente 6476/2017. Concesión de axudas de emerxencia social

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

Con relación á solicitude de axuda económica de emerxencia social e examinado o informe da traballadora social de servizos sociais comunitarios, a Xunta de Goberno Local acorda a seguinte resolución:

* Concesión de axuda económica por importe de seiscentos oitenta e oito euros con sete céntimos (688,07 €), a D.A.F.N., con pasaporte nº FR892754, nos seguintes conceptos:

- Mensualidade do aluguer do mes de outubro 2017, a través de pago delegado á propietaria da vivenda.
-
- Cobertura de necesidades primarias e subministracións básicas da vivenda.

Expediente 1191/2017. C-17/07.- Proposta de adjudicación definitiva do Servizo de mediación de seguros privados

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

Expediente nº: C-17/07__1191/2017

Visto o expediente de contratación tramitado para a adjudicación do servizo de mediación de seguros privados.

Visto que iniciada a licitación e previa convocatoria, a mesa de contratación como órgano competente para a valoración das ofertas, realizou proposta de adjudicación a favor da mercantil "AON GIL Y CARVAJAL SAU", por resultar esta a oferta economicamente mais vantaxosa das achegadas.

Visto que esta empresa achegou en tempo e forma (entrada nº 2017-E-RC-11992 do día 09.10.2017) xustificante de non ter débedas coa administración tributaria (tanto estatal como autonómica) nin coa Seguridade Social, xustificante do pago do anuncio de licitación, e que así mesmo constituíu garantía definitiva por importe de catrocentos oitenta euros (480,00 €) mediante póliza de seguro de caución.

Por todo o que antecede, a Xunta de Goberno Local a adopta o seguinte:

ACORDO

Concello de Cangas



Primeiro.- Adxudicar á empresa "AON GIL Y CARVAJAL SAU", o contrato de servizo de mediación de seguros privados por un importe do 3% de comisión sobre as primas netas dos seguros que se subscriban polo Concello.

Segundo.- A duración deste contrato é de 4 anos, con efectos desde o día seguinte á sinatura do documento formalizador deste, non sendo susceptible de prórroga.

Terceiro.- Notificar a "AON GIL Y CARVAJAL SAU", a adxudicación do contrato e citar ao seu representante para a sinatura deste.

Cuarto.- Nomear responsable do contrato ao empregado municipal L.M.D., a quen lle corresponderá supervisar a súa execución, adoptar as decisións e ditar as instrucións necesarias co fin de asegurar a correcta realización da prestación pactada.

Quinto.- Notificar a adxudicación do contrato aos licitadores que non resultaron adxudicatarios nos termos previstos no artigo 151.4 do TRLCSP.

Sexto.- Comunicar os datos básicos do contrato ao Rexistro de contratos do sector público, de conformidade co disposto no artigo 333.3 do TRLCSP

Sétimo.- Dar traslado deste acordo aos departamentos municipais de Intervención e Apoio Xurídico, así como ao responsable do contrato.

Expediente 2710/2017. Aprobación da conta xustificativa da subvención concedida para a promoción do uso da lingua galega-2017 (Urxencia)

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

En relación coa axuda concedida polo importe de mil seiscentos trinta e tres euros (1.633,00 €) para a organización de programas para a dinamización lingüística no ámbito local, ao abeiro da solicitude formulada por este Concello ao abeiro da Orde da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, de data 6 de abril de 2017, pola que se establecen as bases para a concesión de subvencións ás entidades locais de Galicia para a promoción do uso da lingua galega-2017 (ED115A).

Vista a memoria redactada polo técnico municipal, Estanislao Graña García, na que fai constar o desenvolvemento do programa e o cumprimento da finalidade da subvención concedida.

Visto o informe da Intervención Municipal da toma de razón na contabilidade das facturas que constan no expediente.

A Xunta de Goberno Local acorda o seguinte:

Primeiro.- Aprobar a conta xustificativa da subvención concedida polo importe de mil novecentos oitenta e dous euros con cincuenta e sete céntimos (1.982,57 €), incluído o IVE (1.770,62 € sen o IVE), na "CAMPAÑA DE FOMENTO DO USO DO GALEGO E PROMOCIÓN DA CULTURA GALEGA ENTRE AS COMISIÓN DE FESTAS E A FESTA



DA CULTURA 2017", de conformidade co seguinte desglose:

Nº factura

Data de emisión factura	Proveedor CIF	Concepto	Importe € sen IVE e con IVE	Aprobación por resolución de Alcaldía e data de pagamento
135/17 30/04/2017	IRISAR B36400067	Dípticos letras galegas Carlos Casares	195,00 235,95	25/05/2017 01/06/2017
A025/17 08/03/2017	DINAMO B70084272	Dinamización festa infantil entroido Cangas	450,00 495,00	20/04/2017 03/05/2017
37/2017 31/05/2017	LAR DOS CONTOS 34948379V	Obradoiros interculturais XII xornadas nas escolas	525,62 525,62	01/08/2017 17/08/2017
70 20/09/2017	PISTA CATRO PRODUCTORA DE SEÑOS, S.L. B70037213	Espectáculo "Jano sen medidas"	600,00 726,00	13/10/2017 13/10/2017

Segundo.- Que se tomou razón na contabilidade dos gastos que se xustifican.

Terceiro.- Que de conformidade coa memoria redactada polo técnico municipal, Estanislao Graña García co desenvolvemento do programa para a dinamización lingüística deuse cumprimento á finalidade da subvención concedida.

Cuarto.- Que para esa mesma finalidade non foi solicitada nin obtida subvención de ningunha outra entidade pública ou privada; polo que o único importe que se vai percibir para esta actividade é o concedido a través desta subvención.

Expediente 45/2017. Aprobación da conta xustificativa da subvención concedida para novidades editoriais en galego-2017 (Urxencia)

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

En relación coa solicitude formulada polo Concello de Cangas ao abeiro Orde de 19 de decembro de 2016 da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria pola que se establecen as bases reguladoras da subvención destinada a concellos de Galicia para a dotación de novidades editoriais en galego en formato físico, con destino a bibliotecas e/ou



axencias de lectura públicas de titularidade municipal, integradas na rede de bibliotecas de Galicia e se procede a súa convocatoria para o ano 2017 e a resolución de concesión polo importe de dous mil cento noventa e sete euros con cincuenta céntimos (2.197,50 €).

Vista a documentación que consta no expediente, o informe da Intervención Municipal e os informes dos/das bibliotecarios/bibliotecarias municipais.

A Xunta de Goberno Local acorda o seguinte:

Primeiro.- Aprobar a conta xustificativa da subvención para novidades editoriais en galego polo importe de tres mil setecentos doce euros con sesenta e un euros (3.712,61 €) de conformidade coas facturas e xustificantes de pagamento que se achegan.

Segundo.- Que se tomou razón na contabilidade dos gastos que xustifican.

Terceiro.- Que de conformidade coa documentación que consta no expediente, incluídos informes emitidos polos/polas bibliotecarios/bibliotecarias municipais, deuse cumprimento á finalidade da subvención concedida.

Cuarto.- Que os libros que se figuran nas facturas que se achegan forman xa parte da colección bibliográfica da Rede de Bibliotecas do Concello de Cangas.

Quinto.- Que o Concello de Cangas, para colección de novidades editoriais en galego, non solicitou nin lle foi concedida ningunha outra axuda ou subvención de entidade pública ou privada.

Expediente 5997/2017. Convocatoria e probas de selección de persoal laboral (fixo/temporal) por concurso-oposición e constitución de bolsa de traballo (Urxencia)

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentiment
o

Vista a inminente intervención cirúrxica e baixa médica dun dos oficiais condutores do Grupo de Emerxencias Municipal, servizo dependente desta Alcaldía, comunicada a esta Alcaldía polos integrantes do servizo e que foi explicitada no informe escrito de data 30.09.2017, que consta no expediente municipal nº 5997/2017.

Visto que segundo se fixo constar neste informe as súas funcións non poden ser asumidas polo persoal existente e que se estima que esta terá unha duración mínima de 90 días esta Alcaldía decidiu dar inicio ao procedemento dirixido á cobertura da baixa do traballador malia as limitacións contidas na Lei 3/2017, de orzamentos xerais do Estado para a contratación de persoal temporal por entender que se trata de un caso excepcional e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables motivada pola incidencia na seguridade da poboación do correcto funcionamento do servizo de emerxencias.

Visto que segundo o informe do servizo mencionado existe a previsión de que a curto prazo se produza a baixa médica doutro dos compoñentes do Grupo de Emerxencias municipal, na providencia de inicio do expediente requiriuse que as bases da convocatoria contiveran a confección dun listado de agarda que permita cubrir dun xeito áxil posibles incidencias como a



mencionada mantendo a operatividade do servizo previa a adopción da resolución na que se dispoña a necesidade de cobertura. Igualmente se opta porque a selección se realice polo sistema de concurso oposición con base no mencionado informe xa que, como se indica neste, *'os postos a cubrir son dunha alta especialización, que necesitan unha formación ampla e concreta e se debe valorar tamén a experiencia, factores fundamentais á hora de afrontar os distintos operativos en emerxencias.'*

Visto o disposto respecto da contratación de persoal laboral temporal na Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia e no artigo 55 da Texto Refundido da Lei do estatuto básico do emprego público, aprobado por Real decreto legislativo 5/2015, de 30 de outubro.

Tomando en consideración o anteriormente exposto en exercicio das competencias que lle outorga a esta Alcaldía a lexislación vixente, en particular o artigo 21.1.g) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

Vista a existencia de crédito, da que queda constancia no expediente para acometer a contratación mencionada.

Visto que a competencia para aprobar as bases de selección de persoal corresponde á Xunta de Goberno Local en función da delegación realizada por acordo do Concello Pleno de data 02.07.2015.

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a seguinte:

"PROPOSTA

PRIMEIRO.- Aprobar as bases para a selección e posterior contratación de 1 operario/operaria condutor/condutora para o Grupo de Emerxencias Municipal (oficial de 1ª) en réxime de interinidade con previsión de bolsa de substitucións, bases que literalmente din:

"BASES PARA A SELECCIÓN DE 1 OPERARIO/OPERARIA CONDUTOR/CONDUTORA DO GRUPO DE EMERXENCIAS MUNICIPAL EN RÉXIME DE INTERINIDADE CON PREVISIÓN DE BOLSA DE SUBSTITUCIÓN

PRIMEIRA.- OBXECTO, RÉXIME DE CONTRATACIÓN E SISTEMA DE SELECCIÓN

O obxecto da presente convocatoria é a provisión polo sistema de concurso oposición coas características que se indican nas presentes bases de unha praza de OPERARIO CONDUTOR DO GRUPO DE EMERXENCIAS MUNICIPAL (oficial de 1ª), que realizará as funcións propias do posto ocupado polo traballador que substitúe, como son entre outras o auxilio na intervención en incendios, accidentes ou calquera tipo de sinistro, situacións de emerxencia e de risco para a seguridade cidadá en xeral, mediante a intervención directa e/ou conducindo os vehículos postos a disposición da actuación, colaborando co Corpo de Policía Local do Concello en materia de seguridade dentro do ámbito que permita a normativa vixente e realizando labores no eido medioambiental, especialmente no relativo á prevención de incendios.

A contratación será de carácter laboral temporal, na modalidade de interinidade para a cobertura da baixa prevista con carácter inminente polo período de duración desta, no mesmo réxime da praza que se substitúe. Á persoa seleccionada seralle de aplicación o Acordo Regulador das condicións de traballo do persoal ao servizo do Concello de Cangas.



O sistema de selección será o de concurso-oposición libre.

Cos aspirantes que tendo superado o proceso selectivo, e pola nota final non acadasen praza, confeccionarase un listado para cubrir as baixas ou renuncias que se puideran producir entre o persoal que si resultase seleccionado, así como para cubrir as futuras necesidades de contratación que se poidan producir de persoal laboral temporal para prazas de oficial condutor do grupo de emerxencias durante os dous anos seguintes a contar desde a data de aprobación da resolución que poña fin ao proceso selectivo.

SEGUNDA.- PUBLICIDADE DA CONVOCATORIA

As presentes bases estarán expostas ao público, no taboleiro de anuncios do Concello (<http://cangas.sedelectronica.gal/board/>) e con carácter complementario na paxina web do concello (<http://cangas.gal/>) durante o prazo sinalado para a presentación de instancias, publicando un anuncio da convocatoria no B.O.P. de Pontevedra. O taboleiro de anuncios municipal será o medio para dar publicidade a tódalas notificacións dos actos que deriven do proceso selectivo iniciado coas presentes bases.

Durante o período de presentación de instancias poderán presentarse reclamacións fronte as bases. De presentarse reclamacións as bases no período indicado –que non suspenderán o prazo para a remisión de instancias para participar no proceso selectivo- a selección demorarase ata a resolución das mesmas. De ser aceptada ou aceptadas algunha das reclamacións ou suxestións formuladas, abrirase un novo período de presentación de instancias de conformidade coas bases modificadas. Contra a resolución que estime ou desestime as reclamacións ás bases, non caberá recurso ningún, sen prexuízo de poder recorrer tal circunstancia xunto coa resolución que poría fin ao procedemento.

TERCEIRA.- REQUISITOS DOS/DAS ASPIRANTES

Para ser admitido/a á realización das probas selectivas os/as aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos:

- a) Posuír a nacionalidade española ou atoparse comprendido no eido de aplicación do art. 57 do Real decreto legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.*
- b) Ter cumpridos dezaseis anos de idade e non ter acadado a idade de xubilación forzosa.*
- c) Posuír a capacidade funcional necesaria para o desempeño das tarefas que se van realizar.*
- d) Estar en posesión do Título de Graduado Escolar, FPI ou equivalente.*
- e) Estar en posesión do carné C en vigor.*
- f) Non ter sido apartado mediante expediente disciplinario do servizo ao Estado, ás comunidades autónomas ou as entidades locais, nin estar inhabilitado para o exercicio de funcións públicas.*
- g) Non atoparse incurso en ningunha causa de incapacidade.*



h) Ter satisfeito as taxas por dereitos de exame.

CUARTA.– DEREITOS DE EXAME

Será requisito necesario para poder participar na proba selectiva o aboamento dos dereitos de exame dentro do período previsto para a presentación de instancias. Segundo o establecido na ordenanza fiscal municipal correspondente a cantidade a aboar son oito euros con cincuenta e dous céntimos (8,52 €) (deberá facerse previa obtención da correspondente folla de liquidación na Tesourería do Concello)

QUINTA.- SOLICITUDES E MODO DE PRESENTACIÓN DESTAS

*Os que desexen tomar parte nas probas selectivas deberán facelo constar presentando a instancia dirixida á Alcaldía do Concello de Cangas, que deberá ser entregada no Rexistro de Xeral de Entrada do Concello de Cangas no prazo de dez días hábiles a contar desde o día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria e en horario de atención ao público de 9:30h a 13:30h. Estas solicitudes obrigatoriamente deberán presentarse no modelo oficial coa referencia **PRAZA OPERARIO CONDUTOR GRUPO EMERXENCIAS** e incluíndo nome, apelidos, domicilio, a efectos de notificación e teléfono.*

Este modelo inclúe a declaración polo que se fai constar expresamente o cumprimento dos requisitos establecidos na base terceira, sen prexuízo de que ao final do proceso selectivo se deba acreditar documentalmente ese cumprimento de acordo co disposto na base novena. Non obstante deberá procederse a esta acreditación en calquera momento anterior se así o esixe o Negociado de Persoal do Concello ou o tribunal de selección.

Xunto coa instancia no modelo oficial presentarase o resgardo acreditativo do pagamento das taxas, fotocopia simple do DNI.

A non presentación de calquera destes documentos será motivo de exclusión.

A documentación a valorar na fase de concurso, de ser o caso, presentarase necesariamente dentro do prazo de presentación de instancias, non se valorará na fase de concurso a documentación achegada fóra do prazo de presentación de instancias.

Aqueles aspirantes que queiran quedar exentos da proba de galego presentarán ademais a documentación que segundo a base relativa a esta proba dá dereito a esta exención.

Os aspirantes quedan vinculados aos datos que fixeran constar na súa solicitude, se ben os erros de feito que poidan advertirse poderán subsanarse ou repararse en calquera momento, ben de oficio, ben a instancia de parte.

SEXTA.– ADMISIÓN DOS ASPIRANTES

Finalizado o prazo de presentación de instancias, a Presidencia da Corporación aprobará a lista provisional de admitidos/admitidas e excluídos/excluídas, especificando, no seu caso, os motivos da exclusión, o que será exposto no taboleiro de anuncios deste Concello. Os aspirantes excluídos disporán dun prazo de 5 días hábiles contados a partir do seguinte ó da publicación para poder emendar, no seu caso o defecto que motivase a exclusión. No suposto de producirse reclamación, ditarase nova resolución estimándoas ou desestimándoas o que se fará público, igualmente no taboleiro de anuncios do Concello no prazo de 2 días hábiles do



remate do prazo anterior.

O feito de figurar incluído na relación de admitidos non prexulga que se lle recoñeza aos interesados a posesión dos requisitos esixidos no proceso selectivo convocado os cales deberán ser xustificadas documentalmente no suposto de que os aspirantes admitidos superen a proba selectiva.

SÉTIMA.- TRIBUNAL CUALIFICADOR

O tribunal que xulgará as probas terá por obxecto garantir e supervisar o correcto desenvolvemento do proceso en todas as súas fases. Estará composto por cinco membros. Non poderá constituírse sen a asistencia como mínimo de tres dos seus membros titulares ou suplentes.

Os membros titulares e suplentes terán igual ou maior titulación ca esixida aos aspirantes á praza convocada e terán voz e voto.

Os/as membros do tribunal deberán absterse de intervir, comunicándolle á Alcaldía cando concorran neles algunha das circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015 de 1 de outubro de Réxime xurídico do sector público.

Así mesmo, os aspirantes, poderán recusar os membros do tribunal cando nestes concorran algunha das circunstancias previstas para a abstención de conformidade co establecido no art. 23 e 24 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime xurídico do sector público.

A composición efectiva do tribunal, así como a data e hora de realización dos exercicios, faranse públicos no taboleiro de anuncios da Casa do Concello, integrando a resolución pola que se publique a lista provisional de admitidos e excluídos ao proceso selectivo, co fin de posibilitar a formulación de recusación contra os membros da comisión de selección.

O tribunal poderá contar coa colaboración dos asesores externos que considere oportunos, que actuarán con voz e sen voto, limitándose a presta-la súa colaboración nas súas especialidades técnicas.

OITAVA.– SISTEMA DE SELECCIÓN, FORMA DE DESENVOLVEMENTO E SISTEMA DE CUALIFICACIÓN

O concurso-oposición constará de dúas fases:

- 1. Fase de concurso: valoración dos méritos que representará un 40% da cualificación total.*
- 2. Fase de oposición: que representará o 60% da puntuación total.*

O sistema de selección desenvolverase de acordo co seguinte esquema:

A) PRIMEIRA FASE: CONCURSO

Esta fase levarase a cabo de conformidade cos seguintes baremos:

a) EXPERIENCIA PROFESIONAL



- *Exercicio da mesma categoría profesional na administración local: 0,20 puntos por mes traballado.*

- *Exercicio da mesma categoría profesional nas distintas administracións públicas: 1,00 punto por ano traballado.*

- *Exercicio da mesma categoría profesional en empresas privadas: 1,00 punto por ano traballado.*

(Acreditarase con fotocopias compulsadas dos contratos de traballo e vida laboral do solicitante. Para o caso dos/as traballadores/as autónomos/as alta no IAE e vida laboral. No caso de servizos prestados na administración pública, poderán presentarse certificacións de servizos prestados a efectos de valoración da experiencia.)

Ata un máximo de 20 puntos.

b) FORMACIÓN PROFESIONAL

- *Cursos en materias propias da praza e posto.*

- *Asistencia a cursos relacionados co traballo a realizar :*

- *Por cada curso de ata 25 horas: 0,01 puntos.*

- *Por cada curso de duración superior ás 25 horas: 0,05 puntos.*

- *Por cada curso de duración superior ás 50 horas: 0,10 puntos.*

- *Por cada curso de duración superior ás 100 horas: 0,25 puntos.*

- *Por cada curso de duración superior ás 250 horas: 0,75 puntos.*

- *Por cada curso de duración superior ás 500 horas: 1 punto.*

Non se valorarán as asistencias a xornadas, cursos, simposios ou conferencias en xeral, se non se especifica de xeito claro, a duración en horas da acción formativa.

Só se valorarán os cursos impartidos por organismos oficiais ou debidamente homologados por estes (especialmente escolas ou institutos administrativos de formación do persoal ao servizo das administracións públicas e universidades). Neste senso non serán obxecto de valoración as certificacións expedidas por academias privadas se non se xustifica a homologación sinalada.

Máximo 20 puntos.

B) SEGUNDA FASE: OPOSICIÓN

PROBA PRÁCTICA

Os aspirantes a condutor/conductora quedan convocados para a realización da proba práctica, de carácter obrigatorio e eliminatorio no día e hora que se estableza na resolución na que se publique o listado provisional de admitidos e excluídos polo tribunal se procederá a realizar un chamamento único.

A proba consistirá na realización dunha proba práctica sobre as funcións propias do posto a desenvolver (primeiros auxilios, excarceración de vehículos, incendios, etc...) e o manexo dos



equipos propios desas funcións. Na realización do exercicio valorarase a corrección na execución da proba e o mellor manexo dos equipos. A proba se realizará nas condicións esixidas polo tribunal (tempos, manobras a realizar, etc...), condicións que con carácter previo a realización da proba comunicará aos aspirantes. O tribunal poderá formular preguntas relativas ao exercicio das funcións propias do posto. A puntuación máxima na proba práctica será de 60 puntos sendo necesario obter un mínimo de 30 puntos para entender superada esta.

PROBA DE COÑECEMENTO DA LÍNGUA GALEGA

Os/As aspirantes que teñan superado a proba práctica serán convocados no día, hora e lugar que sinala o tribunal para a realización dunha proba de coñecemento da lingua galega.

Consistirá na tradución dun texto seleccionado polo tribunal de castelán a galego ou a inversa de non menos de dez liñas, a realizar nun tempo máximo de media hora. A valoración deste exercicio será de apto ou non apto. Terá carácter eliminatorio e será obrigatoria a súa realización para aquelas persoas aspirantes que non acreditaran no prazo de presentación de instancias o título acreditativo de estar en posesión do Certificado en Língua Galega – nivel 2 (CELGA 2) ou superior, ou a súa validación, ou a certificación do curso de Língua Galega de Iniciación (achegarase copia compulsada).

NOVENA.- CUALIFICACIÓNS E PROPOSTA DE CONTRATACIÓN

Rematado o proceso de selección o tribunal determinará a cualificación final do proceso. No suposto de empate na cualificación final de dous ou máis aspirantes, este resolverase a favor do aspirante que obtivese maior puntuación na fase de oposición, de persistir aínda o empate resolverase a favor do candidato que acreditase maior experiencia profesional, finalmente resolverase por sorteo entre os aspirantes empatados.

A continuación, o tribunal fará público o resultado do proceso e elevará ao órgano de contratación a correspondente proposta que incluírá o nome do/da aspirante proposto/proposta para ser contratado/contratada e a proposta de listado de substitucións que estará constituído por todos aqueles/aquelas aspirantes que teñan superado a puntuación mínima aínda que non obtivesen praza por orde de puntuación.

O Concello de Cangas procederá á contratación temporal do/da candidato/candidata que obtivera a maior puntuación cando se dea a circunstancia, baixa do traballador, que motiva o presente proceso selectivo.

DÉCIMA.– LISTA DE AGARDA

O tribunal incluírá na súa proposta unha lista de agarda que será utilizado para cubrir as baixas ou renuncias que se produzan entre os aspirantes que obtiveron a contratación, así como para cubrir as novas necesidades de contratación do persoal laboral temporal do servizo durante os dous anos, a contar de Sde a data na que se aprobe a resolución que poña fin ao proceso selectivo, ordenados exclusivamente polo resultado do proceso selectivo, entendendo que a persoa seleccionada formará parte dese listado encabezando este.

As contratacións que se efectúen en base a tal listado deberán facerse mediante a adopción dunha resolución de Alcaldía na que se fundamentará a necesidade de acudir a ela e que contará cos informes preceptivos previos.

A renuncia inxustificada ao contrato suporá a exclusión do listado. A renuncia por causa



Concello de Cangas

xustificada deberá acreditarse documentalmente e suporá que se pasará ao seguinte aspirante do listado sen exclusión daquel e sen modificar a súa orde. A imposibilidade de contactar co interesado suporá que se pasará ao seguinte aspirante do listado, se esta imposibilidade se repetise en dúas ocasións igualmente suporá a exclusión da lista.

O chamamento efectuarase seguindo a orde do listado aprobado de tal xeito que, cumpridos seis meses de contrato por este listado pasarase ao seguinte integrante da lista.

Este chamamento efectuarase dun xeito que deixe constancia deste, se ben por motivos de urxencia poderá realizarse telefonicamente, facendo ata dúas tentativas, no teléfono que proporcionarán para tal efecto na súa instancia os aspirantes seleccionados, o teléfono citado poderá ser modificado posteriormente comunicándoo ao Negociado de Persoal. De resultar infrutuosas ambas chamadas pasarase a contactar coa seguinte persoa da lista, coas consecuencias establecidas no parágrafo anterior.

As persoas integrantes da lista deberán presentar a documentación requirida polo Negociado de Persoal para a súa contratación considerando renuncia inxustificada a non presentación da citada documentación no prazo que se lle indique.

UNDÉCIMA.- INTERPRETACIÓN DAS BASES

As presentes bases vinculan á administración local convocante, ao tribunal cualificador e aos/ás aspirantes que participen no proceso.

O tribunal cualificador queda facultado durante o desenvolvemento do proceso de selección para resolver as dúbidas e incidencias á que dea lugar a súa aplicación, podendo adoptar resolucións, criterios e medidas respecto daqueles aspectos non regulados na presente convocatoria e para o bo desenvolvemento do proceso.

DUODÉCIMA. – NORMA FINAL

As presentes bases e cantos actos administrativos deriven desTas e das actualizacións do tribunal de selección, poderán ser impugnados nos casos e na forma establecidos pola Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas e polo disposto nas presentes bases.

Así mesmo a administración municipal poderá, no seu caso, proceder á revisión das resolucións dos tribunais conforme co previsto na devandita Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.

ANEXO I

INSTANCIA PARA PARTICIPAR NO PROCESO SELECTIVO PARA CUBRIR A PRAZA DE OPERARIO/OPERARIA CONDUTOR/CONDUTORA DO GRUPO DE EMERXENCIAS MUNICIPAL PARA O CONCELLO DE CANGAS-ANO 2017

APELIDOS, NOME:

TELÉFONO:

DNI:

ENDEREZO:

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



Concello de Cangas

Solicita ser incluído/incluída na relación de aspirantes admitidos/admitidas no proceso selectivo de OPERARIO/OPERARIA CONDUTOR/CONDUTORA DO GRUPO DE EMERXENCIAS MUNICIPAL para o ano 2017 convocado polo Concello de Cangas.

Por medio do presente declara que non se atopa incurso/incursa en ningunha causa de incompatibilidade ou incapacidade que determine a lexislación vixente e que cumpre todos os requisitos esixidos na convocatoria (en particular os expostos na base terceira), que conta co carné de conducir esixido na convocatoria e se compromete a mantelo en vigor durante toda a duración do contrato e que non foi separado/separada mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas, nin atoparse inhabilitado para o exercicio das funcións públicas.

Cangas, de de 2017
Asdo. :

DOCUMENTACIÓN OBRIGATORIA A PRESENTAR XUNTO COA PRESENTE SOLICITUDE:

(...) *A presente instancia, debidamente cuberta e asinada.*

(...) *Fotocopia do DNI.*

(...) *Xustificante acreditativo do pago das taxas.*

DOCUMENTACIÓN OPCIONAL:

(...) *Certificado en Língua Galega – nivel 2 (CELGA 2) ou superior, ou a súa validación, ou a certificación do curso de Língua Galega de Iniciación.*

(...) *Documentación a valorar na fase de concurso.*

ALCALDÍA DO CONCELLO DE CANGAS."

SEGUNDO.- Convocar o proceso selectivo mencionado e ordenar que se sigan todos os trámites ata que se proceda á contratación prevista nas bases.

TERCEIRO.- Que se proceda á publicación das bases de acordo co disposto nestas.

Expediente 6159/2017. Procedemento de contratación para a execución da obra "Renovación do pavimento das pistas de atletismo" (Urxencia)

Desfavorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento
---------------------	---

Expediente nº: C-17/24__6159/2017

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a seguinte:

"PROPOSTA DA ALCALDÍA

Concello de Cangas



Visto o convenio de cooperación asinado o día 09.10.2016 entre a Secretaría Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia e o Concello de Cangas para a renovación das pistas de atletismo, segundo o cal a Secretaría Xeral subvencionará ditas actuacións achegando ao Concello a cantidade de cincuenta mil euros (50.000,00 €).

Visto que en data 28.09.2017 pola intervención municipal emitiuse documento contable de retención de crédito por importe de setenta e nove mil novecentos noventa euros con quince céntimos (79.990,15 €), con cargo á aplicación orzamentaria 340.619 (asentamento nº 010357).

Visto que o arquitecto municipal informou favorablemente a memoria valorada para a execución da 1ª fase de adecuación do pavimento sintético á normativa IAFF das pistas de atletismo redactada polo arquitecto técnico don Francisco Javier Corrochano Casares (colexiado nº 740 – COAATAC).

Por todo o exposto, de conformidade co establecido no artigo 109 e a Disposición adicional segunda do TRLCSP, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

ACORDO

PRIMEIRO.- Aprobar a memoria valorada para a renovación do pavimento sintético das pistas de atletismo, redactada polo arquitecto técnico don Francisco Javier Corrochano Casares (colexiado nº 740 – COAATAC).

SEGUNDO.- Iniciar o procedemento de contratación para a execución da obra “Renovación do pavimento das pistas de atletismo”.

TERCEIRO.- Que por Secretaría se emita informe sobre a lexislación aplicable e o procedemento a seguir.

CUARTO.- Que se incorporen ao expediente os pregos de cláusulas administrativas particulares que rexerán a licitación.

QUINTO.- Que o interventor emita informe sobre a fiscalización previa ou crítica do gasto e, en caso de ser favorable, que se emita informe-proposta de Secretaría ao respecto”.

Expediente 6040/2017. Inicio de expediente de incautación de aval (Urxencia)

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

Expediente nº: 6040/2017/2017

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a seguinte:

"PROPOSTA DA ALCALDÍA

Ante a necesidade de recuperar os espazos públicos cedidos como consecuencia do aproveitamento urbanístico do ámbito da Regueira-Cangas e que non foron urbanizados no seu día, vistos os constantes cambios de promotoras que non executaron as obrigas



establecidas na licenza de obras outorgada e por último, ante o estado de abandono no que se atopa o ámbito que ocasiona o crecemento desmesurado da vexetación, graves problemas de insalubridade e seguridade pública, esta administración vese na obriga de facer fronte aos traballos de mantemento nas zonas públicas non urbanizadas, o remate de dita urbanización e a urbanización no proxecto de urbanización da fonte-lavadoiro da Regueira,

As actuacións previstas na fonte/lavadoiro están reflectidas no proxecto de urbanización presentado ca licenza de obras nº 20.344 e que foi actualizado co proxecto elaborado polo arquitecto municipal Alfonso Lage Pérez en data setembro de 2017.

Visto o informe emitido pola xefa do servizo de urbanismo en data 16 de outubro de 2017, propono á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

ACORDO

PRIMEIRO.- Acordar a incautación do aval que garantizaba a obriga de urbanización simultánea ás obras de edificación autorizadas a 'PROMOCIONES FRANCISCO MARTINEZ ABAL SL', na licenza de obras nº 20.344 no ámbito da Regueira, s/n-Darbo, aval depositado no Banco Gallego o 25 de maio de 2006, na cantidade de cento dez mil cento cincuenta e catro euros con oitenta e sete céntimos (110.154,87 €), por PROMOCIONES FRANCISCO MARTINEZ ABAL SL (garantía nº 6001237), de conformidade co previsto no artigo 28 do Regulamento de desenvolvemento da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia.

A licenza de obras nº 20.334 concedeuse condicionada á obriga de executar dita urbanización: urbanización prevista no proxecto construción de 25 vivendas unifamiliares no Lugar da Madalena-Darbo. As obras a executar foron actualizadas no proxecto elaborado polo arquitecto municipal Alfonso Lage Pérez en data setembro de 2017.

O aval incautado responderá dos custos nos que o Concello incorrerá subsidiariamente para proceder á total execución das obras de urbanización.

SEGUNDO.- Conceder un trámite de audiencia de quince días a 'PROMOCIONES MARTINEZ ABAL SL' (ou posible novo titular) e á entidade garante, de conformidade co establecido no artigo 82 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común, para que poidan alegar e presentar os documentos e xustificacións que estimen pertinentes".

Proposta do concelleiro de Ensino e Deportes para aprobación definitiva das axudas do servizo de comedor escolar curso 2017/2018 (Urxencia)

Favorable

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar integramente a seguinte:

"PROPOSTA DE APROBACIÓN DEFINITIVA DAS AXUDAS DO SERVIZO DE COMEDOR ESCOLAR, CURSO 2017/2018



Concello de Cangas

Xoán Carlos Chillón Iglesias, concelleiro de Ensino e Deportes do Concello de Cangas, PROPÓN:

Á Xunta de Goberno Local a aprobación definitiva das axudas do servizo de comedor escolar destinado a alumnos/alumnas de educación infantil (segunda etapa) e de educación primaria dos CEIP Nazaret, CEIP O Hío, CEIP Espiñeira e CEIP A Rúa, para o curso 2017-2018.

Nº REXISTRO	APELIDOS, NOME SOLICITANTE	APELIDOS, NOME USUARIO/A COMEDOR	CENTRO DOCENTE CEIP PRAZA // DIAS	BONIFICACION	IMPORTE AXUDA PROPOSTA CURSO 2017/2018
12073	F.N., D. A.	S. F., M. H. S.F., F.G.	NAZARET FIXA	100%	297,00 €

Nota: a axuda prevista é para os meses de outubro, novembro e decembro, xa que se está a tramitar o retorno voluntario da familia ao seu país de orixe.

B) ACTIVIDADE DE CONTROL

Non hai asuntos

C) ROLDA DE INTERVENCIÓNS LIBRES

Non hai asuntos

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850